

O espectáculo 'Contos coas mans abertas' visitará 42 vilas galegas

□ A xira 2011 do espectáculo de contacontos 'Contos coas mans abertas' estreouse o 25 de xullo no Concello de Castrelo de Miño (Ourense). As entidades socias interesadas en acoller algunha das 42 representacións que A Tropa de Trapo realizará este ano xa poden solicitarlas na Secretaría Técnica do Fondo Galego.

Dirixida a público adolescente e adulto, a proposta baséase en pezas narradas a dúas voces, cun acompañamento de guitarra e laúde árabe que convida á reflexión. Marta Ortiz e Brais Gutiérrez son os artífices deste espectáculo deseñado en exclusiva para o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Como se xestaron estes 'Contos coas mans abertas'? Foi un ano enteiro de traballo preparándoos e buscando as historias. As ideas

de cooperación e solidariedade están tan utilizadas que había que devolverlles o sentido, a emoción, a esperanza, o que realmente anima a que cada un de nós bote unha man.

Cal é o enfoque das historias? Cada un dos catro contos trata un xeito distinto de ver a solidariedade, pero sempre desde as experiencias de xente que existe ou que podería existir, de maneira moi achegada.

Unha parte importante do espectáculo é a música, da que se encarga Brais...

Sempre me gustou debuxar con notas o que quería contar, crear unha música suxestiva que envolva. É fundamental que a música non distraia, que axude a imaxinar.

Que valoración facedes da xira 2010? Moi boa. Cada día é distinto, unhas veces vai moi ben e outras máis frouxiño, pero estamos moi contentos co resultado. É difícil facer algo para públicos tan diferentes, desde rapazas e rapaces ata persoas maiores, dunha cidade ou dunha pequena aldea. Fixemos un esforzo para que foran contos que chegaran a todo o mundo, e ficamos moi satisfeitos coa resposta. Case sempre había quen se emocionaba ou quen ría moito.

E que expectativas tedes para 2011? Na estrea en Castrelo de Miño estivemos moi a gusto. A sala estaba chea, e as sensacións foron moi boas. A xente riu, gozou e soñou... e nós tamén. Este ano temos moitas actuacións. Estamos moi contentos por iso, pero o noso grande reto é compaxinalo co nacemento da nosa filla. Agora somos tres na Tropa!

Que mensaxe lanzariades a aqueles Concellos que aínda non vos acolleron? A quen organiza, dámoslle ánimo porque dá traballo e non é doado conseguir que os adultos veñan a un contacontos. Pero que o intenten porque logo todos quedamos contentos, así que vale a pena o esforzo. E ao público animámolo a acudir porque se non vanse arrepentir... Sempre está ben reflexionar, soñar un chisco, xogar a ser pequenos e deixarse levar. Estes non son contos de heroes, os protagonistas son xente coma nós, que fixo unha cousa pequena que está na man de calquera, e iso sempre anima a dar ese pasiño que fai falta.



Os 'Contos coas mans abertas' da Tropa de Trapo sensibilizarán sobre a solidariedade internacional por toda Galicia



“É unha oportunidade de cooperar relacionada co meu traballo”

Cristina Moreiras / Técnica de Medio Ambiente do Concello de Ourense

Cal é o teu destino?

Vou colaborar coa Cámara Municipal de Paúl (Cabo Verde) en cuestións relativas ao impacto ambiental, a sustentabilidade, espertar nos nenos a conciencia ecolóxica, a reciclaxe...

Que te motivou a participar en VcT?

O mundo da cooperación sempre me chamou. Xa colaborei algunha vez en Perú e Cabo Verde. Esta é unha oportunidade que ademais está relacionada co meu traballo diario, vou desenvolver a función de técnica nun Concello dun país que a simple vista está moi lonxe pero co que en realidade temos moito en común: o idioma, algúns costumes...

Cales son as túas expectativas a unhas semanas da viaxe?

Con nervios, con ilusión e con moita gana de estar alí, aínda que máis que axudar eu penso que son eles os que me van achegar a min moito máis ca eu a eles.



“Cando lin as experiencias do ano pasado, sentín moitísima envexa”

María José Pérez / Arquitecta da Deputación de Pontevedra

Cal é o teu destino?

Vou desempeñar o meu labor como arquitecta na Cámara Municipal do Paúl (Cabo Verde).

Que te motivou a participar en VcT?

Non teño experiencia en labores de cooperación, por iso cando vin a convocatoria e lin as vivencias dos participantes do ano pasado sentín moitísima envexa e pareceume que era unha boa oportunidade para introducirme no eido da cooperación e poder achegar o máximo posible na miña estadía en Paúl.

Cales son as túas expectativas a unhas semanas da viaxe?

Penso que vou recibir máis do que vou poder achegar, pero farei todo o que estea nas miñas mans. Coido que vai ser unha experiencia moi enriquecedora, de intercambio de cómo traballamos aquí en Galicia co que fan alá.



“Esta vivencia vai supor un enriquecemento persoal e profesional”

Joaquín Lede / Coordinador de proxectos europeos na Deputación de Pontevedra

Cal é o teu destino?

Colaborarei coa Cámara Municipal de Brava, probablemente en tarefas relacionadas co desenvolvemento local e a implantación de proxectos de cooperación.

Que te motivou a participar en VcT?

Debe ser a terceira ou cuarta vez que me inscribo. A inqueda que me levou a anotarme é o espírito de coñecer lugares novos, pois teño vivido no estranxeiro, e tamén tiña gana de vivir unha experiencia de cooperación ao desenvolvemento.

Cales son as túas expectativas a unhas semanas da viaxe?

Coido que esta experiencia vai supor un enriquecemento persoal e profesional, vai ser un intercambio moi frutífero porque imos aprender mutuamente, tanto eu como os habitantes da illa de Brava, uns dos outros.



“Cando apareceu a convocatoria dixen: vou de cabeza!”

Diego Sánchez / Técnico de Turismo no Concello de Castrelo de Miño

Cal é o teu destino?

Irei á poboación nicaraguana de Totogalpa, co INPRHU como entidade de acollida. O meu labor terá que ver co plan de desenvolvemento turístico, colaborarei en formación e promoción. Está moi relacionado co que fago habitualmente en Castrelo.

Que te motivou a participar en VcT?

Gústame moito vivir experiencias novas, non tiña ningunha experiencia anterior en cooperación internacional. Apareceu esta oportunidade e dixen: “perfecto, vou de cabeza!”

Cales son as túas expectativas a unhas semanas da viaxe?

Teño moitísima gana de estar xa alá, de verme no lugar, porque desde aquí xa busquei moita información pero quero coñecer ás persoas coas que vou traballar e ver como é a realidade de alí. Unha vez en terreo, creo que o mes váiseme pasar rapidísimo!

Nova viaxe de seguimento ao Haití en setembro

□ A técnica Victòria Planas viaxará novamente ao Haití entre o 5 e o 18 de setembro para supervisar o proxecto que o Fons Català e o Fondo Galego apoian na fronteira nordeste. A iniciativa segue adiante a pesar das dificultades xeradas polos incidentes de abril, derivados do descontento dalgúns sectores cos resultados electorais. Tales incidentes afectaron a sede da asociación local parceira, SKDK, que agora, no marco do proxecto, será reconstruída seguindo o modelo de edificación resistente aos terremotos que se promove. Sábese que un dos autores do incendio dos locais áchase na cadea.



O proxecto en Haití segue adiante

Victòria Planas estivo xa anteriormente en Haití participando no levantamento das Liñas de Base do proxecto que se está a executar nos municipios de Carice, Mombin Crochu e Vallières. Entre outros aspectos, nestes intres estanse a elaborar os plans de estudos profesionais en agroecoloxía, socioeconomía e construción antisísmica. Das perto de 200 casas revisadas en terreo, constatouse que ningunha cumpre os requisitos de adaptación á vulnerabilidade ambiental. Agora vaise erguer unha edificación con materiais tradicionais que servirá de modelo.

O establecemento de medidas preventivas e un sistema de información sobre riscos e desastres son outros dos resultados que se pretenden acadar, ademais da creación dun obradoiro de arxila para elaborar filtros potabilizadores. Na actualidade non existe ningún mapa que identifique as áreas máis vulnerables a terremotos e ciclóns, nin os lugares de refuxio en caso de emerxencia.

Remata a instalación de latrinas en Nicaragua e construción de cuartos de baño en Cabo Verde

□ En Nicaragua e Cabo Verde veñen de concluír senllos proxectos apoiados polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para mellorar as condicións hixiénico-sanitarias. Trátase de incidir sobre o medio ambiente e a saúde, reducindo as enfermidades derivadas da falta de hixiene e da contaminación da auga.

A través dun proxecto de cooperación directa coa Cámara Municipal do Maio, en Cabo Verde, instaláronse cuartos de baño en 53 vivendas das localidades de Figueira e Ribeira Don João. A iniciativa contou co apoio económico da Xunta de Galicia. Entre ambas as dúas entidades galegas achegaron 49.200 euros.



As familias beneficiarias executaron as obras para instalar os baños en Maio



Unha nena acode a unha das latrinas construídas en Tepalón

Por outra banda, a través da convocatoria de proxectos de cooperación indirecta de 2010, o Fondo Galego subvencionou con 6.750 euros a construción de 30 latrinas na comunidade nicaraguana de Tepalón.

Tanto no Maio como en Tepalón realizáronse diversas actividades para fomentar a correcta utilización das novas infraestruturas de saneamento. As instalacións contribuíron tamén a mellorar a privacidade e a dignidade das persoas, sobre todo das mulleres.

A Asemblea de socios terá lugar o 30 de setembro

□ O venres 30 de setembro terá lugar en Santiago de Compostela, na sede da Fegamp, unha Asemblea Xeral ordinaria de socios do Fondo Galego. Nesta ocasión, a asistencia é especialmente importante porque se vai elixir a nova Comisión Executiva, de modo que resulta prioritario que todas as entidades socias axilicen o nomeamento das súas novas e novos representantes perante a asociación.

Segundo consta nos Estatutos, os cargos deste órgano de goberno e administración “renovaranse en todo caso despois de cada convocatoria de eleccións locais e dentro dos catro meses seguintes á constitución dos Concellos”.

De igual xeito, o mesmo artigo 18 explica que “a Executiva que cesa propondrá unha nova candidatura á Asemblea, se ben se poderá presentar unha lista alternativa cando estea apoiada e avalada polo 20% dos socios titulares”. Lémbrese asemade que “cada mandato dura catro anos e todos os cargos son gratuítos e renovables”.

O novo web do Fondo Galego xa está plenamente operativo

O novo portal web do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade xa está plenamente operativo no enderezo www.fondogalego.org. Foi realizado un esforzo por facer a navegación polos contidos o máis intuitiva posible. Nas próximas semanas será fundamental que todas as deficiencias que se detecten sexan trasladadas á Secretaría, para o que se pode contactar a través do e-mail: comunicacion@fondogalego.org.


Aberta a Conta de Emerxencia para o Corno de África

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, atendendo o chamado realizado por Nacións Unidas, puxo a súa Conta de Emerxencia a disposición das persoas ou institucións que estiveren interesadas en contribuír a paliar a crise alimentaria que padece o Corno de África. As doazóns poden facerse na conta de Novacaixagalicia **2091.0209.10.3040019000**, indicando “**Emerxencia Corno de África**”.

Nacións Unidas declarou “zonas de fame” dous distritos do sur de Somalia, aínda que se prevé que esta declaración sexa ampliada a outras rexións da contorna nos próximos meses, podendo atinxir outros países. A declaración “zona de fame”, establecida pola ONU en 2008 e nunca usada até hoxe, fai referencia ao máis grave nivel de inseguridade alimentar.

Fondos destacados

O sorriso de Mona Lisa: Ambientado na Inglaterra dos 50, o filme baséase nas fortes imposicións sociais que sofren as mulleres, practicamente relegadas ás tarefas domésticas, sen poder de decisión e entregadas por completo aos desexos do marido. Narra a historia dunha profesora que irrompe nunha universidade tradicional e conservadora. A través das súas clases inxectará ideas renovadoras sobre o papel vital das mulleres e intentará ensinarlles ás alumnas a importancia de apostar polo futuro profesional, máis alá do compromiso amoroso e do matrimonio. A película amosa a dificultade da loita das mulleres ao longo da historia fronte ao pensamento machista e patriarcal, fronte a desigualdade de poder, e en definitiva, fronte á violencia de xénero.



El impacto económico y social de la cooperación al desarrollo: Manuel Iglesia achéganos ao impacto da cooperación internacional dentro da historiografía da economía do desenvolvemento, facendo fincapé na súa eficacia e nos progresos acadados. A análise céntrase na busca dos determinantes específicos que inflúen no impacto da Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD), entendida como un conxunto de transferencias directas de recursos que exclúen a axuda militar e que presentan certo réxime de concesionalidade.



agaresoRADIO


www.agareso.org
www.fondogalego.org

VOCES CON
FONDO



Séguenos en
facebook

Socios do Fondo Galego: **Concellos:** A Coruña, A Estrada, A Guarda, A Laracha, A Pobra de Trives, A Pobra do Caramiñal, A Teixeira, Abegondo, Allariz, Ames, Arteixo, As Pontes, Baiona, Bergondo, Betanzos, Boiro, Brión, Burela, Cabanas, Caldas de Reis, Cambados, Cambre, Cangas, Carballo, Cartelle, Castelo de Miño, Castelo do Val, Castroverde, Cedeira, Corcubiión, Covelo, Culleredo, Cuntis, Dumbria, Entrimo, Fene, Ferrol, Gondomar, Guitiriz, Laxe, Lousame, Lugo, Malpica de Bergantiños, Manzaneda, Melide, Moaña, Mondoñedo, Monforte, Monterroso, Moraña, Mos, Mugarbos, Narón, Neda, Nigrán, Noia, O Barco, O Irixo, O Porriño, O Valadouro, Oímbra, Oleiros, Ourense, Outes, Poio, Pontearreas, Pontecesures, Pontedeume, Pontevedra, Porto do Son, Ramirás, Redondela, Rianxo, Ribeira, Riotorto, Rodeiro, Sada, Salceda de Caselas, Samos, San Cibrao das Viñas, Sandiás, Santiago de Compostela, Sarria, Soutomaior, Teo, Tomiño, Triacastela, Valga, Vereia, Verín, Vigo, Vilagarcía de Arousa, Vilar de Santos, Vilardevós, Viveiro, Xove. **Deputacións:** A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra.



XUNTA
DE GALICIA



cooperacióngalega

Edita: Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade
Redacción e Administración: Avenida Joselín, 7, P3-4ºB,
36300-Baiona (Pontevedra) **Tel/Fax:** 986 357 238
Internet: <http://www.fondogalego.org> **email:** info@igadi.org
Tiraxe: 600 exemplares **Depósito Legal:** VG-473-2007